Marisol Morandeira Morandeira (1 para 1)
Alcaldesa-Presidenta
Data de Sinatura: 19/11/2026
HASH: 098585c63750da49fde31a21b4d8f314

ANUNCIO: RESOLUCIÓN PROCESO SELECTIVO DE 1 TÉCNICO/A DE SERVIZOS SOCIAIS, TRABALLADOR/A SOCIAL DE SAF (SUBGRUPO A2), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS MEDIOS COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE (OEP DE 2022). Expte. 272/2025.

Resolución 2026-1215 de data 19/11/2026 na que se resolve o seguinte:

PRIMEIRO.- Resolver o proceso de selección de 1 técnico/a de servizos sociais, traballador/a social de SAF (subgrupo A2) da Escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase técnicos medios como persoal laboral fixo mediante oposición libre de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador de data 04/11/2026:

Nome e Apelidos	DNI ANONIMIZADO
Vázquez Barreiro, Violeta	***4899**

SEGUNDO.- Outorgar, tendo en conta a base 9.1, un **prazo de 20 días naturais**, contados dende o día seguinte a aquel no que se faga pública a presente resolución de alcaldía, para que a aspirante seleccionada presente na secretaría do Concello de Guitiriz os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.
c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Quen dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser contratado/a, sen prexuízo da responsabilidade en que houbese podido incorrer por falsidade da solicitude de participación.

Quen tivese a condición de empregado público estará exento/a de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Ministerio ou Organismo do que dependan acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

Cumprimentado o anterior procederase á sinatura do contrato laboral fixo polo/a aspirante aprobado/a.

Cod. Validación: 3QRJTX9RHJMHR7HPDJ6SH2CMQ
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

O réxime de contratación laboral será o previsto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración fixa. Ó contrato debe engadirse as demais condicións establecidas con carácter preceptivo no ordenamento xurídico aplicable.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, comunicala aos servizos municipais afectados aos efectos oportunos, e publicala no BOP da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e na sede electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A Alcaldesa

Maria Sol Morandeira Morandeira

Cod. Validación: 3QRJTX9RHJMHR7HPDJ6SH2CMQ
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2